

ACTIVIDADES DE PREVISIONADO

En primeiro lugar, preséntanse algúns datos sobre a curtametraxe mediante unha ficha técnica. En segundo lugar, trabállase co título e aprovéitase o tema da curta para repasar o vocabulario da familia e da discapacidade.

FICHA TÉCNICA

The present – O agasallo



TÍTULO: *The present (O agasallo)*

DIRECTOR: Jacob Frey

ELENCO: Quinn Nealy (o neno), Samantha Brown (a nai do neno)

ANO PRODUCCIÓN: 2014

FORMATO: cine, 35 mm

DURACIÓN: curtametraxe - 4,20 min

SINOPSE:

A nai dun adolescente, Jake, enganchado aos videoxogos intenta que o seu fillo teña interese por outras cousas, así que decide facerlle un regalo inesperado. Un precioso cachorro que o rapaz recibe con moita ilusión, ata que se dá de conta de que ao animal lle falta unha pata. Apártao inmediatamente e non quere saber nada del, pero o can, a quen lle importa pouco ser rexeitado, insiste para que o seu novo dono queira xogar con el. E é que, malia ter unha discapacidade, o animal segue feliz e coa mesma ilusión. Tras varios intentos, finalmente consegue que se levante do sofá para saír xogar fóra.



Jacob Frey é un realizador e cineasta alemán, nacido en 1984. Realizou varias curtas de animación por ordenador. *The present (O agasallo)* foi feito como curta de tese na **Filmakademie Baden-Württemberg en Ludwigsburg**, Alemaña. Presentouno nuns 180 festivais e levou máis de 50 premios.

Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=j6UfcMqA7k0>

1. Sabedes que é unha curtametraxe? Vistes algunha en español?
 2. De que credes que trata a curta tendo en conta só o título? Coñecedes a locución «Teño un agasallo para ti».
 3. Fíxate no póster da curtametraxe. De que cres que vai a historia que se nos vai contar?
-